

VI Serán por sempre túas, Chiño, as Pozas da Serpe, medio camiño de Acebedo, e as aguias dúas que no azul pairan en círculo, as gramíneas nas que apiona o paspallado nos tóraxs dos camiñantes e nos pés arredados dos orgullosos que é Penagache (humildome) e o arriño arriño de cen vacas que se move a cartirada ameioeira polo lado do mundo eu que a Mota grande (1500 m. ó) de onde non se dexa a obra humana en volta do horizonte. Digo: nin chozo nin foxo nin marco nin auga e o corazón que se che enolle a, Chiño, a estares n'aquele p'ermo e sen mente nin máis compañía pre f'icá deo teu faco que agora rega g'as as oreas que se a a aguas do mundo a procura das ch'inas contra os marcos de Portugal, contra o 25 das citas do contrabandista do rendez-vous a vida ou morte do fuxido da Falange Orensana (léase Fernando Meleiro). Chiño, o mundo álzase daquela.

Notas o alzamento, Chiño, tectónico; o se erguer orixinal da Terra, o pregamento con forcias de por tras que te ergue até os ceos, mais ca nada se é noite clara e sen Lúa. En Outeiro de Eguas insistes, insistes, e as estrelas despregan o espectáculo floreal de fragmentos de cousa que tenden á totalidade. Explosión silandeira ou

música tu ben percebes, Chiño. Estronico acordado sen tímpanos para o sentir, porque tu agora estás deitado pra recibir o firmamento nos panascos de Grama de Corno Dourado ou de Sestreiro ou de Badoiro para a despedida do legado do ramenco. E, despois de tu continuarás a ser sempre. En canto tu esteas, túa será con todo a aldea de Queguas dos seus currais nos altores e o rebano dos alpes bravos, a freguesía escenográfica do Crasto Labreiro e mailas suas fragas feras e rochedo arreitado entre o cal sobranza da Perde de Anmán polo Gaviño todo o teu até o Soajo dos plenilunios e a Serra Amarela que apacenta as mil corgas que engrosan a Limia pola marxe dereita. Todos teus o balaios das pollas, os rousos, as berandas e inverneiras, Chiño. Ou sexa túas as maneiras de estar do Galaico que é probe;

colmo c'ete, h'ano tella plana. Os fiadidos nas cortes estradas de toxas na orde de se bailla a con da tizola e das ferriñas, Chiño. Devóranse os catro horizontes dos que x' se dixen que crucifican o mundo. A hermanada desvía o seu rosto divino que mata ao ser x'risto. E tu, Chiño, escachas a rir porque aínda estás eiq'uí. E os ollos conxelados de Marcela. O pelicanos grises. Toda a Saudade encheita de bolígrafos. Non olles; non, non olles. A laca; as unllas de Marcela que che esgazan a fazula. Chiño. Un pasoná, e o pozo. Non olles. A laca está, é f'ugadora á esprita, Chiño. Nunca l'iches, menos nin te sentiches así de brétema, de lonh, de lobos, de Marcela. VII Destrozos, é o que tamén serán os vobos. Práncos pasen polo mundo de Destrozos. Os dedos do mundo os dedos e Mumadona está tolleita. Ollas tu de lume os

dedos. Tes de Faustino Santalices o labio, o pouso do diandón. Non irás máis á casa do pelicano Destrozos. Labazadas que che dá Mumadona do dereito e do rivés. Perde os dentes, Chiño. Perder os dentes. Osos que rexen no subiraio rescante. Mi áculo mas corvo y menos fuerte. Terrible é, pois, o teu poder, oh Morte. Co corpo de madeiro coma un signo de interrogación tipo Dámaso. Sen a motocicleta. Pola Rúa do Esquenzo. Amigos mortos, velos. Onda o pai e a nai. Velos os pálidos

sentidos agora no esquezo, á Terra. Música que enven de Jardín Park. Chiño non nota nada de Sudade. El nunca vira as vacas múltiparas. E as lanchas arderán cos amos dentro a rezar o rosario. Sentir sente o peciño de Mumadona no pescozo. Os da outra morada veñen en ringleira. Testa conversa á Terra, que abre as fauces. Nunca hab'eu os "homines do veneno", porante do sepulcro. Profecía de Taramundi! 1. Emillo sempre que d'ica así o Señor Lombardía, os Afrikaces

fixeron tal cousa de ósos sacaron estes dos Sepulcros Ideais. 2. Sacaron para fora os sepulcros Ideais dos ósos dos carateiras, os ósos dos cordeiros, os ósos dos carabeiros, repulicanos e dos arrieiros de m'earia, iúdo ou quincalla, os ósos dos xitanos, os ósos das damas que traballaran na conserva e que foran

tosquadas previamente a sacricios, os ósos dos afiliados y sinagogas e as loxas dos m'ances r'bios e que loxian ellos do mundo corvo xeralmente. 3. E os que fixeron tal cousas eran os Afrikaces (dicía así o Señor Lombardía, dos Ferreiros de Taramundi.) 4. E os Afrikaces sacaron os ósos para os Sepulcros Ideais ficren

cheos de vento como ch'io de veneno está, e de b'aruro, o honor do Afrikaces. 6. O doutor Seanus Healey andou polas g'andras a apañar nos ósos que os Afrekaces foran espaxexendo de alento, pro aquel nome de Inbernia non diu reunido ósos nin para encher un ferrado de Meira con eles. 7. Don Álvaro Cunqueiro alandillou

contra Monfadal por ver se daba cun óso fino de muller nova para facer unha frauta; pro nada. 8. Os Sepulcros Ideais ficaron baleiros e as xentes non fitaban para eles porque perderan os ollos dendesde o punto e hora en que os Sepulcros Ideais deixaron de estar acugulados de ósos –palabra do Ferreiro de Taramundi. 9. E

deixaron os ósos diseminados polas gándaras á calor do Sol e ao agarimo do sapo que pode exudar Lúa, e todo o exército disciplinado das estrelas derrubouse cada noite sobre aqueles ósos e foi facendo deles poeira. Po de esquecemento, dixo ese Ferreiro taramundés. 10. Os ósos dun que tiña sido Rei encadeado sen fortuna

foron espaxexidos pola poula sen fin e nas pozas de orela estéril anegrazaban coa lama os ósos daquel que trouxera a Horda desde o Danubio a Braga. 11. Emilio Rodríguez Arin, a quen retrataron cunha Kodak o 22 de agosto de 1936 despois de ser morto polos Afrikaces de Sarria no camiño da Valiña, uniu o legado dos seus

26.04.2012 20h/ deconstrución e outro. unha fantoloxía do acontecemento / ósos aos ósos do Mariscal, todos revoltos, todos esmigallados. 12. Xa asobía o vento nos cómaros dos Sepulcros Ideais! 13. E mesmo os ósos das Señoritas dos lagos

04.05.2012 20h/ restos da(s) lingua(s): a escrita como síntoma / de rega que hai en Ermelo, que hai en Meiro, que hai en todo o Morrazo, foron axuntarse cos ósos que os Afrikaces profanaran, aínda propiamente as señoritas

11.05.2012 20h/ reciclar a carraxe / estando feitas de bris e de cantigas de cristal apenas. 14. Díxolle, entón, o Señor Lombardía aos que tivesen ouvidos para Ouvir a súa palabra: estou cheo de que os

25.05.2012 20h/ sempre que penso no medo, me ataca o amor / meus ollos sexan sempre fontes. Cómpre agora devolver os ósos aos Sepulcros Ideais, e ter así o noso pobo, como as linguas, as insuas e as nacións, almofada e tapiz.

08.06.2012 20h/ errantes e místicas. andar sen rumbo no cinema contemporáneo / 15. A voz do Señor Lombardía o Ferreiro foi un trebón sobre os vales e valiñas da xente, encolleu o ánimo dos poldros, paralisou os homes de funda á saída da nave

15.06.2012 20h/ a xentileza da desesperación / industrial e os sopretes da soldadura apagáronse coma se os ormantase o vento do principio das cousas. 16. Non podemos, Señor, non podemos. Sómolle das

22.06.2012 20h/ a escritura poética ou a douta ignorancia / comunidades esportivas e educamos para a Paz. Sómós da ética e do riso necio. Carecemos de seguridade no emprego e alguén puxo no noso pescozo torques de ouro baixo ornados de talismáns e mais de emblemas. Sómolle, descalciñas, as poucas e as pobres que van de Santiago a Padrón. 17. A voz daquel Ferreiro Lombardía converteuse en músicas de melra. Díxolle ao que tivese ouvidos: nin un nin un cento. Ten que ser Armada de Máximos e de Completos. Facei Nova Alianza. Facei Nova Alianza. 18. Señor Ferreiro, e il voltarán así os ósos ao seu sitio nos Sepulcros Ideais e serán para sempre almofada e tapiz? Se facemos como dis serán consumidos polo fogo os Afrikaces que espaxexeran os ósos e extinguirase a raza deles para sempre? 19. Dixo Señor Lombardía: E logo por que me preguntades a min? Isto que eu proclamo é somentes a Profecía de Taramundi! Sentide o que Abril vos di cando pasa a man polo lombo das insuas xusto un intre antes de se facer

GALERIA SARGADELOS A CORUÑA * Rúa Real 56 * T 981222604 * www.sargadelos.com
un nobelo pra durmir nas criptas pavorosas. Contra Maqueiro Xosé Luis Méndez Ferrín.